

INSTRUCCIÓN E INFORMACIÓN SOBRE O FINAL DO CURSO DE 2º BACHARELATO

1.- PARA TODO O ALUMNADO QUE REMATA BACHARELATO (Convocatoria ordinaria ou extraordinaria):

- Unha vez rematado o Bacharelato (na convocatoria ordinaria ou na extraordinaria), hai que **pagar as taxas de expedición do título de Bacharelato:**

• **Taxas:**

- Tarifa xeral: 54,00 €.
- Tarifa Familia numerosa (categoría xeral): 27,03 €.
- Tarifa Familia numerosa (categoría especial): Gratuíta.

• **Formas de pago:**

- De xeito virtual, a través da Oficina virtual da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal/es/>, indo a "Cidadáns" > "Pago de taxas e prezos").
- De xeito presencial nunha sucursal bancaria a través do impreso "Taxas da Comunidade Autónoma de Galicia" que se xunta. Para cubrir os datos que piden nese impreso, tedes o modelo pegado na ventanilla da secretaría do centro.

- Unha vez feito o pago, hai que entregar o xustificante de ter aboadas as taxas **na secretaría do centro.**

No caso de matricularse nas PAU, hai que entregar toda a documentación xunta.

2.- SÓ PARA O ALUMNADO BACHIBAC QUE SUPEROU A PROBA EXTERNA:

- A efectos das PAU e do acceso á universidade española, o alumnado Bachibac é considerado como alumnado francés, polo que o seu expediente é xestionado pola UNED. Unha vez que saibamos as notas da proba externa, desde o centro daremos de alta ao alumnado Bachibac en **UNEDasiss** (<https://unedasiss.uned.es/home>). Nese momento, cada alumno/a recibirá no seu correo electrónico o usuario e contrasinal para poder entrar na aplicación e **facen o pago das taxas de acreditación na UNEDasiss (o curso pasado foron 115,45€).**

- O xustificante de ter feito dito pago deberase **entregar na secretaría do centro.**

3.- PARA O ALUMNADO QUE SE PRESENTA ÁS PROBAS PAU 2026 (Convocatoria ordinaria ou Extraordinaria):

IMPORTANTE! Toda a información detallada pódese consultar no enderezo <https://ciug.gal/gal/pau>. Neste documento recóllense os aspectos principais.

a) DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA AO ALUMNADO CON ESTAS INSTRUCCIÓN

- Impreso de prematrícula nas PAU.
- Impreso para facer o pagamento das taxas da matrícula nas PAU (tamén se pode facer a través da aplicación Nerta).
- Horario das probas PAU (Convocatoria ordinaria).

b) MATRÍCULA NAS PAU: PRAZOS E PROCEDEMENTO

- Prazos de matrícula:

- Para a Convocatoria ordinaria: 14, 15 e 18 de maio.
- Para a Convocatoria extraordinaria: 11, 12 e 15 de xuño.

- Procedemento de matrícula: Dentro dese prazo, o alumnado deberá:

1) Cubrir o impreso de prematrícula que se achega fotocopiado. Atención! O alumnado Bachibac debe deixar a parte obrigatoria sen encher.

2) Pagar as taxas da matrícula nas probas PAU:

- Importe xeral: 63,67 €.
- Familia numerosa (categoría xeral): 31,84 €.
- Familia numerosa (categoría especial): Gratuíta.
- Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero, persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital e persoal das universidades do SUG: Gratuíta.

O pagamento das taxas pódese realizar de forma telemática, a través de Nerta, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante. Se decide realizar o pagamento a través dunha oficina de ABANCA ou Banco Santander, debe cubrir o impreso de liquidación que se adxunta fotocopiado.

3) Entregar na secretaría do centro:

- Impreso de prematrícula na PAU debidamente cuberto.
- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ter aboadas as taxas de matrícula da PAU, co resgardo selado polo banco ou xustificante do pago telemático.
- Fotocopia cotexada do carné de Familia numerosa vixente ou de calquera outra situación que acredite a gratuidade da matrícula, se procede.
- + Xustificante do pago das taxas do título de Bacharelato, como se indicou no primeiro apartado e/ou o Xustificante do pago das taxas de UNEDasiss (alumnado Bachibac).

- Unha vez tramitada a matrícula desde o centro, xerarase unha **conta de usuario en Nerta:** <https://www.edu.xunta.es/nerta/> e cada estudante recibirá os datos de acceso no seu **correo electrónico**. Con estes datos, e despois de activar a conta, o alumnado poderá acceder a Nerta para realizar o pagamento das taxas de forma telemática e, máis adiante, para ver en que materias está matriculado/a, facer reclamación ás notas, etc.

- **Revisión da prematrícula polo estudantado en Nerta:** O alumnado deberá revisar os seus datos en Nerta e se detecta algún erro deberá comunicalo no propio centro ata as 13,00 h. dos seguintes días:

- Convocatoria ordinaria: 19 de maio.
- Convocatoria extraordinaria: 16 de xuño.

- **Revisión da matrícula polo estudantado en Nerta:** Unha vez matriculado polo centro, o alumnado deberá revisar os seus datos en Nerta e se detecta algún erro deberá comunicalo no propio centro ata as 12,00 h. dos seguintes días:

- Convocatoria ordinaria: 22 de maio.

- Convocatoria extraordinaria: 19 de xuño.

Unha vez finalizado este prazo non será posible facer cambios na matrícula.

- Algunhas cuestións sobre as materias nas que matricularse:
 - O alumnado debe matricularse das 5 materias obrigatorias da fase xeral, debendo elixir entre Historia de España e Historia da Filosofía, e dun **máximo de 3 materias máis Segunda Lingua Estranxeira II (nunha lingua distinta da que se examinou na fase xeral) na fase específica.**
 - O **alumnado Bachibac** só se matriculará das materias da fase voluntaria, aínda que tamén se pode examinar da fase xeral se así o desexa.
 - A materia específica obrigatoria da modalidade (Mat, MACS ou Lat) conta na fase xeral pero pode contar tamén como unha materia máis da fase específica.
 - O alumnado que se matricule de varias materias da fase específica con horarios coincidentes recibirá os enunciados dos exames de forma sucesiva de parte da Comisión Delegada, no orde previsto polo Tribunal Único, e disporá dun máximo de 90 minutos para completar a resposta de cada exame. Despois de entregar a resposta dun exame poderá descansar un máximo de 30 minutos dentro da aula antes de solicitar os enunciados do seguinte exame e disporá, de novo, dun máximo de 90 minutos para completar a resposta.

c) DATAS, HORARIO E LUGAR DOS EXAMES

- Convocatoria ordinaria: 2, 3 e 4 de xuño.
- Convocatoria extraordinaria: 30 de xuño e 1 e 2 de xullo.
- **Horario:** O exame de cada materia terá unha duración de 90 minutos cun descanso de 30 minutos entre probas consecutivas, de acordo co horario que figura na fotocopia que se xunta.
- Lugar (Convocatoria ordinaria): **Facultade de Economía e Empresa, situada no Campus de Elviña** (Comisión delegada 10). Nas portas da Facultade haberá carteis nos que se especifica en que aula concreta lle toca examinarse ao noso centro.
- A sede da Comisión para o alumnado con necesidades de apoio educativo (Comisión delegada 10B) ao que se lle concedese este recoñecemento pola CIUG é tamén a Facultade de Economía e Empresa do Campus de Elviña.
- As sedes da Convocatoria extraordinaria serán publicadas pola CIUG máis adiante.

d) NORMAS DE REALIZACIÓN DOS EXAMES

i) Presentación:

- Todo o alumnado deberá acudir ao **acto de presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá** e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles.
- O alumnado que só se examine da fase específica (Bachibac) e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames correspondentes.
- **ATENCIÓN! O primeiro día hai moito tráfico no acceso ao Campus**, así que é moi importante ir con tempo para evitar apuros ou chegar tarde.

ii) Material: Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- **DNI** ou documento identificativo oficial: pasaporte, permiso de residencia, etc.

- **Etiquetas co código de barras identificativo.**
- **Resguardo de Matrícula e xustificante de pagamento** (serán achegados polo/a profesor/a que acompañe ao alumnado como representante do centro).
- **Varios bolígrafos de tinta indeleble azul ou negra.**
- **Material axeitado para realizar os exercicios** que impliquen Deseño, Debuxo técnico ou artístico e técnicas gráfico-plásticas, así como o dicionario de latín-español ou grego-español (sen cadernos soltos ou engadidos que non sexan orixinais) e unha calculadora que non sexa programable e que non teña capacidade gráfica. Para máis detalle sobre o material específico permitido, véxanse as instrucións dispoñibles no apartado "Protocolo PAU 2026" na web: <https://ciug.gal/gal/pau>.

iii) Identificación e anonimato:

- Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de **adhesivos de código de barras que o identifica**. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.
- É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito para evitar a súa deterioración e as posibles dificultades de identificación. Recoméndase tamén que non se deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.
- **Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo** (fluorescentes, subliñados en cor, etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

iv) Material non permitido:

- Non está permitido na aula **ningún tipo de reloxos, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico**, agás os explicitamente aprobados pola CiUG por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Todo o alumnado deberá manter os **pavillóns auditivos despexados** para verificar que non usan dispositivos non permitidos. Polo tanto, as persoas que teñan o pelo longo deberán recollelo durante os exames.
- Poderase ter unha botella de auga, sempre que sexa transparente e non teña etiqueta.

v) Realización dos exames:

- En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 grampadas (unha páxina de portada e sete páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as sete páxinas en branco.
- En cada proba só se pode **utilizar un único caderno de exame**, ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas.
- Tras a distribución dos exames, todas as persoas (alumnos/as, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán **permanecer na aula na primeira media hora** (unha hora no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, naqueles exames que empezan media hora antes que o resto do estudiantado) de cada exame. Quedan excluídos desta obriga as presidencias e as secretarías das comisións delegadas e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os

delegados/as dos Reitores na CIUG.

- O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.
- Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpran as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.
- Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da PAU, na cualificación correspondente figurará Non Presentado (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

vi) Copias e sancións:

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido no posto de exame, copiando ou non respectando estas instrucións será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será **cualificado con 0 puntos**. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que **poden implicar a anulación total das súas probas da PAU**.

e) PUBLICACIÓN E REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

- Data de publicación das cualificacións provisionais en Nerta a partir das 20:00 h.:

- Convocatoria ordinaria: 11 de xuño.
- Convocatoria extraordinaria: 9 de xullo.

Ao día seguinte o alumnado recibirá por correo electrónico a súa tarxeta de cualificación provisional da PAU, asinada dixitalmente.

- Revisión das cualificacións:

- Prazo de solicitude de revisión:
 - > Convocatoria ordinaria: do 12 ao 16 de xuño (ata as 14:00 h.).
 - > Convocatoria extraordinaria: do 10 ao 14 de xullo (ata as 14:00 h.).
- As solicitudes de revisión faranse a través da aplicación Nerta.
- Para máis detalles sobre o funcionamento do proceso de revisión, véxase o apartado 11 da convocatoria das PAU no seguinte enlace:
https://www.ciug.gal/uploads/PDF/2026/Grupos_Traballo/69c6764d4d80c401112857convocatoriapau2026.pdf

- Data de publicación das cualificacións definitivas en Nerta a partir das 20:00 h.:

- Convocatoria ordinaria: 18 de xuño.
- Convocatoria extraordinaria: 17 de xullo.

Ao día seguinte, o alumnado recibirá por correo electrónico a súa tarxeta de cualificación definitiva da PAU, asinada dixitalmente.

O estudantado que non presentase reclamación recibirá por correo electrónico a súa tarxeta de cualificación definitiva da PAU asinada dixitalmente a partir do día 17 de xuño para a convocatoria ordinaria e do día 15 de xullo para a extraordinaria.

f) PREINSCRICIÓN NA UNIVERSIDADE

Unha vez superadas as PAU, comezará o prazo de preinscrición na universidade. Na web da CIUG publicaranse os prazos; teredes que estar atentos/as!

No caso de querer realizar estudos en calquera das universidades públicas de Galicia, a solicitude de preinscrición é única e obrigatoria e faise a través de Nerta. Lembrade que nesa solicitude teredes que indicar os graos e centros aos cales desexades acceder segundo un rigoroso orde de preferencia, que comezará co de maior interese. Dito orde será vinculante durante todo o proceso de admisión.

g) INCIDENCIAS EN NERTA

As incidencias que poidan xurdir **do funcionamento da aplicación Nerta** xestionaranse a través destes dous medios:

- Unidade de Atención a Centros (UAC):

Teléfono: 881 99 77 01

Fax: 881 99 77 88

Correo electrónico: uac@edu.xunta.gal

- Soporte aplicación NERTA:

Correo electrónico: soporte.nerta@edu.xunta.gal